

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	40

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado. En suma, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. En consecuencia, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos. Sobre estes saberes versa, precisamente, o bloque 1 "As linguas e os seus falantes", onde se recollen diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

- Para analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, para unha aprendizaxe instrumental. Saberes estes agrupados no bloque 2 "Comunicación".

- Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal. (Bloque 3 «Educación literaria»).

- Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua. («Reflexión sobre a lingua»).

Finalmente, e alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

No relativo á metodoloxía, a situación da sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este debe considerar a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. De aí que botemos man do Tratamento Integrado das Linguas (TIL), para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. Non se pode obviar a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. Deste xeito, o TIL parte da lingua propia de Galicia para fomentar un plurilingüismo inclusivo ao servizo da normalización do galego.

Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma, dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade

común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no “por que” da situación social da lingua propia de Galicia e non só no “como” funciona esa lingua.

Mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO está articulada arredor de seis unidades didácticas cuxos títulos dan conta do núcleo temático ao redor do cal van xirar.

As devanditas unidades, están articuladas segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. A el están adscritos, polo tanto, todos os colexios de Educación Infantil e Primaria do termo municipal. Dada esta situación, sería de esperar que a oferta do noso centro educativo fose plural e diversa, para poder atender ás necesidades e expectativas do alumnado deste concello. A pesar diso, o noso centro só ofrece as ensinanzas regradas obrigatorias na ESO, cunha atención á diversidade e ás necesidades educativas do alumnado cada vez máis raquíctica por falta de recursos materiais e humanos e unha oferta no ensino postobrigatorio que non dá cabida ás necesidades da contorna, pois só oferta dúas liñas no Bacharelato e un Ciclo Formativo de Atención Sociosanitaria. Tendo en conta que no noso centro abunda o alumnado que realiza estudos musicais, non é doado para eles combinalos cun Bacharelato que non se corresponde cos seus intereses, polo que moitas veces deben trasladarse a outro centro e, polo tanto, a outro concello. Por outra banda, o noso Ciclo Formativo precisaría dunha FP Básica acorde cos seus módulos e dunha continuidade a través dun Ciclo Superior. Ademais falta algún outro tipo de oferta formativa relacionada cos intereses económicos e produtivos da contorna, dado que Rianxo é unha vila que segue a vivir do mar.

Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que Rianxo é unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Se ben, nos últimos catro anos detectamos actitudes negativas cara a lingua por parte do alumnado, consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

O contexto sociolingüístico do noso centro é galegófono no rexistro coloquial, pero atopámonos cunha maior corrección na expresión escrita en español e unha maior preferencia por realizar lecturas tamén nesa lingua. O argumento que o alumnado emprega para explicar esta situación diglósica é que aprenderon a ler e a escribir en castelán.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados co bloque 1 (“As linguas e os seus falantes”), para unha adecuada construción da conciencia lingüística e un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos a coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos e perseguir os obxectivos da ESO desde a óptica da Lingua Galega como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cuestionámonos	A través da lectura da obra Comedia bífida traballamos os saberes do bloque 1 (para o que elaboraremos un glosario de sociolingüística) e identificamos os prexuízos e estereotipos que circulan sobre a nosa lingua e nós mesmos. Será unha UD en que se traballen, sobre todo, os saberes relacionados co Bloque 1, aínda que en realidade esteamos a traballar os 4 bloques, pois é obvio que a finalidade da UD é producir textos orais, escritos e multimodais (bl.2).	18	20	X		
2	Tanto cambiamos?	O alumnado achegarase á evolución do xénero narrativo e lírico dos últimos dous séculos mediante a lectura e análise de textos de diferentes épocas e temáticas.	16	10	X		
3	Seica si...	Nesta UD o achegamento á literatura farase pondo en práctica a parte máis creativa do alumnado á hora de elaborar os seus propios caligramas e relatos ("actividade Cousas"). Ademais, realizará un booktuber da lectura autónoma desta avaliación. Dentro da tipoloxía textual, trabállase o currículo, a carta de motivación e a entrevista como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional.	17	20		X	
4	Penso, logo falo e escribo.	Nesta UD centrarémonos, sobre todo, en contidos de carácter transversal e na produción oral de textos variados. Vemos o texto expositivo e achegámonos ao argumentativo.	16	20		X	
5	Todo vale?	Despois, de termos analizado a saúde da nosa lingua, elaboramos textos variados para falar de nós mesmos e expresar a nosa opinión. Para iso, elaboramos o "Muro das lamentacións lingüísticas". Engadimos o booktuber correspondente á lectura autónoma desta avaliación.	17	20			X
6	Porque pensamos, opinamos.	O alumnado fará un traballo de investigación da literatura a partir dos anos 60-70. Seguiremos a traballar o texto narrativo a través da lectura autónoma desta avaliación. Pero, sobre todo, afianzaremos o texto expositivo e argumentativo.	16	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cuestionámonos	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece a orixe común do galego e do portugués e identifica os principais fenómenos evolutivos	PE	40
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece os principais trazos definatorios dos bloques dialectais e as diferenzas co estándar Recoñece as variedades lingüísticas: diastráticas e diafásicas		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica os prexuízos e estereotipos lingüísticos e rexéitao		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realizar unha argumentación respectando as características deste xénero.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende textos literarios e é quen de analizar os seus aspectos máis relevantes: contexto histórico, tema, análise dos elementos narrativos...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Respecta e valora a riqueza lingüística do Estado español	TI	60
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación a partir da lectura dunha obra dada.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e axeitada nas interaccións orais que van xurdindo na aula e faino atendendo ás convencións esperables (respecto da quenda de palabra, respecto ás intervencións doutros...).		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos aplicando os seus coñecementos sobre coherencia, cohesión e corrección gramatical e ortográfica.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e os abusos a través da palabra e destérralos do seu uso particular.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	No traballo sinalado, utiliza estratexias para a resolución dialogada de posibles desavenencias na aula.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente os textos analizados previamente.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler autonomamente textos para mellorar a súa competencia lectora		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Opinar argumentadamente sobre a lectura autónoma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Emprega ferramentas dixitais (correctores e dicionarios) para enriquecer os seus textos tanto ortográfica como gramaticalmente, aumentar a súa precisión léxica e usar construcións morfosintácticas máis xenuínas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos utilizando os instrumentos dixitais indicados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbai - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

Contidos
<p>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d</p> <p>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</p>

UD	Título da UD	Duración
2	Tanto cambiamos?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a presenza dun texto ou dunha obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e erelaciónao cun cuntexto histórico determinado.	PE	40
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre textos literarios galegos da última década e o seu contexto histórico e cultural.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Enriquece os seus textos con precisión léxica, corrección ortográfica e gramatical e construcións morfosintácticas máis xenuínas na nosa lingua.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu traballo textual de forma autónoma utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Utilizar o coñecemento sobre a lingua para producir textos.	TI	60
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	articipa de maneira activa e axeitada nas interaccións orais que van xurdindo na aula e faino atendendo ás convencións esperables (respecto da quenda de palabra, respecto ás intervencións doutros...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalía a calidade e a fiabilidade de textos dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Procura e valora con criterio crítico a información extraída da rede para a creación dos seus comentarios.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos aplicando os seus coñecementos sobre coherencia e cohesión corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente algúns dos textos máis representativos do primeiro terzo do XX e é quen de entender a importancia que tiveron e teñen hoxe en día.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler textos do período e ser quen de extraer unha opinión.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas de subordinación e transforma eses enunciados mantendo eses valores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. As falsas noticias. Valoración
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os co-ñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade inte-lectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros li-terarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas lite-rarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe especí-fica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d

Contidos

- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora o "quiz" de literatura axeitándose ás preguntas formuladas.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información para dar conta do "quiz" en diversos medios dixitais e escritos adoptando un punto de vista crítico.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos e soluciona os problemas de comprensión lectora que puidese presentar.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente os textos seleccionados previamente dun xeito argumentado e con referencias á evolución do xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a lectura autónoma desta avaliación.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	No booktuber sobre a lectura autónoma e comparte a súa opinión.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un booktuber dando conta das relacións internas dos seus elementos constitutivos, das relacións externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos utilizando os instrumentos dixitais dos que dispomos (dicionarios, correctores ortográficos...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación

Contidos

- en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos

- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

METODOLOXÍA

Dado que o contacto entre linguas é o fenómeno máis habitual nas sociedades do século XXI, ese contacto pode servir para aproximarnos ou para afastarnos. O reto da escola é lograr que o fenómeno do contacto entre linguas sexa un instrumento para a aproximación, a comprensión, o respecto e a aceptación do outro, do diferente, en consecuencia, do mundo. Tendo en conta que hai que aprender a preservar a diversidade, porque non se protexe o que non se coñece, importa educar para a interacción con aquel/a que utiliza outra(s) lingua(s). Educar na intercomprensión, na e para a diversidade lingüística é o camiño escollido pola UNESCO desde 2006 e supón, ao mesmo tempo, educar para a cidadanía, educar no diálogo, para a paz, a democracia e a xustiza social. Habitamos un mundo absorbido pola globalización no que o dominio do inglés se instalou como un dogma que non pode ser cuestionado nin criticado. Este proceso de homoxeneización lingüística é contrario á diversidade e inimigo da democracia. De aí o papel fundamental da escola para o desenvolvemento da competencia plurilingüe, para formar galegos e galegas políglotas, usuarios/as de diversas linguas, a través dunha metodoloxía baseada no tratamento integrado de linguas, desenvolvendo un plurilingüismo inclusivo, en cuxo corazón resida a normalización da lingua galega.

É por todo isto que asumimos o Tratamento Integrado de Linguas (TIL), como marco metodolóxico, pois trátase dunha corrente na didáctica das linguas que intenta que todas as linguas curriculares compartan os mesmos principios metodolóxicos e o mesmo enfoque didáctico. Por outra parte, o TIL considera o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar.

A metodoloxía TIL debe estar ao servizo do desenvolvemento do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), que consiste na planificación de todos os aspectos relacionados co ensino,

aprendizaxe e uso das linguas en cada centro, polo que debe recoller:

- Reflexión da comunidade educativa arredor das linguas curriculares e da contorna.
- Grao de desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en cada unha das linguas curriculares, para detectar fortalezas e debilidades e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Acordos sobre as linguas como: obxectos de aprendizaxe / vehículos de aprendizaxe
- Obxectivos do centro para cada unha das linguas: para fomentar o plurilingüismo inclusivo, para erradicar os prexuízos lingüísticos e para normalizar a lingua galega.

Por outra parte, a actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

Polo que o proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos e as actitudes como os conceptos, necesarios todos para o desenvolvemento competencial do alumnado.

En consecuencia, pretendemos, reforzar os aspectos prácticos; polo tanto, cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, o ENDLIG, o auditorio do concello, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Seguindo o dito, valoramos moito a participación do noso alumnado nas actividades que lles propoñemos: asistencia a representacións teatrais e á presentación de libros, asistencia a xornadas sobre a memoria histórica ou a obradoiros de boktoobers, produción de artigos arredor das súas lecturas ou de crónicas arredor das actividades nas que participan, realización de lecturas públicas...

En resumo, estas son as liñas metodolóxicas a seguir:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal
Apuntamentos de creación propia que se entregarán ao alumno fotocopiados ou se colgarán na aula virtual
Libros de texto e materiais en rede varios
Antoloxía de textos ao servizo da lectura guiada na aula
Revista do ENL: "Bico da ría"
Listaxe de lecturas recomendadas para a lectura autónoma
Listaxe de lecturas recomendadas para a lectura voluntaria

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Despois de se realizar esta avaliación a través da observación directa do alumnado, da información facilitada pola profesora do curso pasado e acreditadas nas probas correspondentes do curso pasado (probas de competencia lingüística), así como a entregada dende Orientación, propóranse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado destas.
2. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo do seu fillo/a, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo.
3. Entrevista co alumno/a ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a súa implicación e colaboración e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

5. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

6. Exixir uns hábitos de traballo adecuados para acadar un mellor rendemento académico, coa colaboración das familias do alumnado implicado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	16	17	16	17	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

Para superar cada unha das avaliacións con cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de cinco logo de ter en conta os seguintes criterios: proba escrita, lectura dun libro por avaliación (lectura autónoma) e outros traballos que impliquen a produción de textos (orais, escritos ou multimodais).

Os instrumentos que se usarán irán dende a proba escrita ás rúbricas ou á lista de cotexo (p.ex. para a avaliación do oral espontáneo) pasando pola observación directa do traballo diario.

En definitiva, estes son os criterios de avaliación, instrumentos e peso:

1. PROBA: 40%

2. PRODUCCIÓN ORAIS E ESCRITAS: 60%

Para a avaliación da primeira usaranse os respectivos criterios de corrección e no caso do segundo instrumento, inclúese:

2.1. A lectura dunha obra por trimestre (lectura autónoma), que suporá o 10% da nota e se avaliará por medio de rúbricas (agás na 1ª avaliación, que será unha proba escrita)

2.2. As intervencións orais de carácter espontáneo (tanto nas interaccións do alumnado coa profesora como no seu grupo de iguais): 10% Avaliarase mediante unha lista de cotexo e a observación directa. Usarase tamén a autoavaliación do propio alumnado.

2.3. Outras producións orais e escritas: 40%. Avaliarase mediante rúbricas. Inclúense as actividades sinaladas a continuación

En cada unha das avaliacións realizaranse diferentes actividades que xirarán en torno á adquisición dos coñecementos referidos aos 4 bloques. Especificamente, estas serán algunhas das actividades ou proxectos que se propoñen e que poden sufrir modificacións.

En suma serán:

1ª avaliación: glosario de sociolingüística e vídeo sobre os prexuízos; comentario literario

2ª avaliación: creación dun caligrama e participación no "concurso" de creación de Cousas: "Se Castelao vivise no 2024" (título provisorio), exposicións orais

3ª avaliación: quiz de literatura e o "Muro das lamentacións lingüísticas".

Por último, unha vez acadado o 5, o alumnado poderá realizar tarefas voluntarias coas que se lle ofrece a posibilidade de mellorar a súa cualificación nun máximo de 3 puntos. Estas tarefas poderán xirar arredor destes aspectos:

- Lectura fóra da aula de obras escollidas polo alumno/a. As lectura facilitaráselle ao alumnado ao inicio de curso e este deberá avisar coa antelación suficiente á docente da súa intención de ler algún deses libros. (máximo 2 libros por avaliación; 0,5 por libro)

- Participación en grupos de traballo e co ENL arredor de distintos aspectos (máximo 1 punto por avaliación)

- Asistencia documentada a espectáculos relacionados coa cultura galega (teatro, conferencias...) (1 punto se vai acompañada de crónica escrita; máximo dúas "obras")

Estes criterios especificaranse máis detidamente na correspondente rúbrica que está dispoñible en Edixgal.

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas. A cualificación na 3ª avaliación será a da avaliación final ou, no seu caso, a media ponderada das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación. Tendo en conta que se trata dun proceso de avaliación continua, un suspenso no primeiro trimestre queda automaticamente recuperado cun aprobado no segundo trimestre, pois cada avaliación debe supor a recuperación e/ou a mellora con respecto a anterior.

Criterios de recuperación:

A cualificación na 3ª avaliación será a da avaliación final ou, no seu caso, a media ponderada das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación. Tendo en conta que se trata dun proceso de avaliación continua, un suspenso no primeiro trimestre queda automaticamente recuperado cun aprobado no segundo trimestre, pois cada avaliación debe supor a recuperación e/ou a mellora con respecto a anterior. Polo que non se prevén probas de recuperación, ao tratarse dunha materia de contidos progresivos. Cando se detectaren dificultades, propóranse actividades de reforzo para tratar de suplir ou axudar nesas.

Respecto ao alumnado coa materia pendente de 3º (ou doutros cursos), os procedementos que se seguirán son os que se recollen a continuación:

- Se o/a alumno/a aproba a 1ª avaliación do curso en que está matriculado (4º ESO): a materia dos cursos anteriores quedará aprobada
 - Se o/a alumno/a entrega as actividades trimestrais que se lle propoñen (dispoñibles en Edixgal no curso "alumnado coa materia pendente") pode superar con elas o curso suspenso sempre que estas cumpran cos requisitos esixidos
 - Se o/a alumno/a non supera a materia de ningunha das maneiras indicadas nas alíneas precedentes terá a posibilidade de se presentar a unha proba escrita na data que a docente estableza
- A avaliación deste alumnado farase trimestralmente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual, até a Avaliación Final. Por iso no servimos das seguintes medidas:

- Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
- Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
- Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a todos e todas.
- Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
- Incorporación en determinadas unidades de Actividades de Reforzo.
- Uso do Traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permite a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
- Uso dos Comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a.
- Listaxe de Lecturas Voluntarias ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.
- Tarefas Voluntarias propostas coa finalidade de desenvolver os contidos transversais, pero co obxectivo de atender á diversidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ademais, e tal como se recolle no Decreto 156/2022:

a) fomentarse a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais

b) promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

c) evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Para tratar de conseguir os obxectivos sinalados anteriormente, os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos previamente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana Castelao	Roteiro pola cidade de Pontevedra para coñecer mellor o autor rianxeiro. Por determinar		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro Blanco-Amor pola cidade de Ourense	Roteiro pola cidade de Ourense para coñecer mellor A esmorga			X
Día de Rosalía	Recitado		X	
Día da Lingua materna	Actividades varias		X	
Día do Libro	En colaboración coa Biblioteca			X
Día da Ciencia en Galego	Por determinar			X
Actividade 25N	Por determinar	X		
Actividade 8M	Por determinar		X	
Actividade 25 abril	Por determinar			X
Día das Letras Galegas	Homenaxe a Luísa Villalta			X
Día das Artes Galegas	Por determinar			X
Día da poesía, do teatro	Por determinar		X	X

Observacións:

Para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de actividades voluntarias, que poderán sumar, como se dixo, ata 3 puntos unha vez acadado o 5. A finalidade destas é:

1. Atender á diversidade.

O alumnado caracterízase pola súa heteroxeneidade (diferentes coñecementos previos, diferentes intereses, diferentes situacións persoais, familiares ou sociais, etc.) polo que as persoas docentes debemos atender esa diversidade para dar resposta ás diferentes características, necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado; e debemos facelo non só a través dunha resposta educativa, de ensino-aprendizaxe formal senón tamén a través da transmisión de valores. Para isto distinguiremos entre as tarefas da aprendizaxe formal e as actividades informais e de carácter voluntario, como tamén o son as actividades complementarias e extraescolares que se programan cada curso.

b) Promover o voluntariado.

O voluntariado é unha das formas de participación social máis relevante e a xente nova debe familiarizarse con ela desde idades temperás. Nunha sociedade tan individualizada como a actual, os centros de ensino deben potenciar actitudes de integración e solidariedade, que contribúan ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e que, por outra parte, recollen os currículos. A aprendizaxe baseada en servizos á comunidade é unha boa ferramenta para fomentar o altruismo e impulsar o activismo social en relación, por ex., á igualdade entre homes e mulleres, á defensa do medio ou á procura da normalización da lingua galega.

c) Procurar os ODS da Axenda 2030.

A Axenda 2030, aprobada en 2015 e acordada por 193 países da ONU, é un plan de acción global para procurar dar solución aos grandes desafíos da Humanidade: como a igualdade entre as persoas e a protección do planeta. Presente os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, entre os que se atopa o ODS4, "Educación de calidade", consistente en garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade para todos e todas, que busca eliminar as disparidades de xénero no ensino e formar o alumnado para promover un desenvolvemento sostible.

Tendo en conta a diversidade do alumnado, as actividades voluntarias deben favorecer un trato igualitario, polo que deben ser diversas para que todo o alumnado poida, se quere, desenvolver algunha delas. Pola tipoloxía destas actividades e os valores que perseguen, evítanse aquelas que impliquen competición. Finalmente, a valoración realízase por desenvolver unha actividade, non por pertencer a un grupo ou equipo de traballo.

Entre as actividades voluntarias o alumnado pode escoller:

a) Desenvolver o compromiso coa dinamización da lingua e a promoción da cultura galega, asistindo a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas galegas, participando en certames, asistindo a parladoiros, usando o galego como lingua vehicular propia.

b) Desenvolver o compromiso coa igualdade entre homes e mulleres e coa inclusión LGTBI, participando nos proxectos que se desenvolvan arredor do 25N, do 8M e do 17M ou 28X.

c) Desenvolver o compromiso coa protección do medioambiente, participando en proxectos baseados en servizos á comunidade como Monte vivo.

d) Desenvolver o hábito lector, realizando lecturas voluntarias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.
Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.

Metodoloxía empregada
Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas, etc.)
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Procura a reflexión sobre os temas tratados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Presenta actividades de grupo e individuais.
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
Clima de traballo na aula
Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
Promove o traballo colaborativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.
Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.

Outros
Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
Corrix e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro e así "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os resultados destes indicadores serán recollidos na memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar cuestionarios proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e achegará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC nos cursos máis baixos, nos que o nivel de competencia dixital dos/das alumnos/as é moi desigual), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións semanais de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

CCL- Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Finalmente, a elaboración das Memorias Trimestrais, así como da Memoria Final servirá para concretar a avaliación

desta programación didáctica.

9. Outros apartados